Universidade Vigo

Facultade de Comercio
Campus de Vigo
Torrecedeira, 105
36208 Vigo

Tel. 986 813 748 www.euee.uvigo.es
Fax 986 813 746 sdeueev@uvigo.es

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE COMERCIO DE VIGO

(Aprobado en Xunta de Escola o 14 de outubro de 2020)
(Aprobado en Consello de Goberno o 20 de novembro de 2020)

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Aplicabilidade*

1. A facultade de Comercio de Vigo, para o cumprimento das funcións que lle confire a lexislación vixente, rexerase polo presente Regulamento, que deberá ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e das normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario.

2. Para todas aquelas cuestións non previstas neste Regulamento, nin nos Estatutos da Universidade de Vigo, nin na lexislación sobre ensino universitario, será de aplicación o disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 2. *Principios de xestión*

A xestión da facultade estará ordenada polos principios de toma de decisións segundo o principio maioritario e de respecto ás minorías.

Artigo 3. *Funcións da Facultade de Comercio de Vigo*

1. Corresponde á Facultade de Comercio a organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención dos títulos de grao, master e de todos aqueles outros títulos cuxa docencia estea autorizada a impartir, así como aquelas outras funcións que determine a Universidade.

2. En concreto, son funcións da facultade, consonte o Artigo 37 dos Estatutos da Universidade de Vigo:
   a) Organizar e xestionar a docencia dos títulos oficiais adscritos ao centro, e coordinala, supervisala e controlala.

b) Propoñer a programación docente anual dos títulos oficiais, de conformidade coas memorias oficiais dos títulos e de acordo coa normativa da Universidade.
c) Organizar e coordinar as ensinanzas que dean dereito a títulos propios adscritos ao centro.
d) Proporlle ao órgano competente a implantación de novas titulacións.
e) Participar nos procedementos de selección do PDI nos termos que regulamentariamente determine o Consello de Goberno.
f) Realizar as actividades de colaboración da Universidade de Vigo con organismos públicos ou privados en todo o que afecte o centro.
g) Organizar as relacións entre departamentos e con outros centros e órganos da Universidade de Vigo, co fin de garantir a coordinación das ensinanzas e a racionalización da xestión académica e administrativa.
h) Administrar os servizos e mais os equipamentos asignados ao centro.
i) Xestionar e administrar a súa asignación orzamentaria.
j) Realizar a xestión administrativa necesaria para que as anteriores funcións se poidan efectuar.
k) Fomentar, apoiar e achegar os medios materiais existentes no centro para realizar actividades de formación e complementarias do persoal vinculado a el.
l) Custodiar as actas de cualificación e os expedientes do alumnado.
m) Expedir as certificacións académicas solicitadas polo alumnado ao centro.
n) Xestionar o seu sistema interno de garantía da calidade.
o) Colaborar coa unidade correspondente para acadar un contorno igualitario e libre de calquera tipo de acoso ou de violencia.
p) Calquera outra que lles poidan atribuír os presentes estatutos e as demais disposicións vixentes.

Artigo 4. ***Membros da Facultade de Comercio de Vigo***

Son membros da Facultade de Comercio:

a) Todo o profesorado, calquera que sexa a súa categoría profesional, que teña asignada docencia no centro.
b) Todas as persoas beneficiarias dunha bolsa de investigación que desenvolvan a súa actividade no centro.
c) Todo o alumnado matriculado no centro.
d) O persoal de administración e servizos asignado ao centro.
e) Calquera outro que figure como tal nos vixentes estatutos desta Universidade.

Universidade Vigo

Facultade de Comercio
Campus de Vigo
Torrecedeira, 105
36208 Vigo

Tel. 986 813 748 www.euee.uvigo.es
Fax 986 813 746 sdeueev@uvigo.es

TÍTULO 1
DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA FACULTADE

CAPÍTULO PRIMEIRO
DA XUNTA DE FACULTADE

Sección 1ª. Composición da Xunta de Facultade.

Artigo 5. *Natureza e membros da Xunta de Facultade*

1. A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno do centro. Está composta pola decana ou polo decano, que a preside, e polos seguintes membros:
   a) Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade, que constituirá o 51% da Xunta de Facultade. O profesorado con docencia en máis dun centro serán membros da xunta do centro no que impartan máis horas. Aquelas persoas que teñan a mesma carga docente en varios centros optarán por un deles.
   b) Unha representación do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á Universidade, que corresponderá ao 10% da Xunta de Facultade. Polo menos o 80% corresponderá ao persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo.
   c) Unha representación do alumnado, que constituirá o 29% da Xunta de Facultade.
   d) Unha representación do persoal de administración e servizos que constituirá o 10% da xunta.
   e) Os videcanos ou vicedecanas e o secretario ou secretaria.

2. Os membros electos da Xunta de Facultade serán renovados cada dous anos.

Sección 2ª. Funcións da Xunta de Facultade.

Artigo 6. *Funcións da Xunta de Facultade*

Son funcións da Xunta de Facultade, consonte ao Artigo 38 dos Estatutos da Universidade de Vigo, as seguintes:

a) Elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu regulamento de réxime interno e doutros regulamentos de carácter organizativo considerados necesarios.
b) Elixir e revogar a decana ou decano.

c) Aprobar a proposta de distribución do orzamento anual do centro e a súa execución.
d) Implantar e seguir os plans de estudos.
e) Coidar do bo funcionamento de todos os órganos e servizos do centro.
f) Preparar e coordinar, de modo eficaz e adecuado, o horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, e a distribución de aulas e servizos e de ensinanzas complementarias.
g) Habilitar medidas de control para cumprir as obrigas docentes.
h) Distribuír os espazos que lle sexan asignados.
i) Aprobar e executar o sistema de garantía de calidade.
j) Aqueloutras que lle poidan atribuír estes estatutos e outra normativa vixente.

Artigo 7. *Delegación de competencias na Comisión Permanente*

1. O pleno da Xunta de Facultade poderá delegar as súas competencias na Comisión Permanente, agás as que se mencionan nas letras a), b), c) e f) do artigo precedente. O acordo de delegación requerirá o voto favorable da maioría absoluta dos membros da xunta presentes.

2. A delegación entenderase constituída por tempo indefinido, agás que no acordo de delegación se dispoña outra cousa ou a súa temporalidade se derive da propia natureza da delegación.

3. O pleno da xunta poderá revogar en calquera momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas sen máis requisitos que os requeridos para outorgala.

Sección 3ª. Funcionamento da Xunta de Facultade.

Artigo 8. *Clases de xuntas*

1. O pleno da xunta estará formado por todos os seus membros, correspondéndolle a súa convocatoria á decana ou decano.

2. O pleno da xunta reunirase con carácter ordinario polo menos dúas veces ao ano.

3. Con carácter extraordinario o pleno poderá reunirse a iniciativa de:
   a) O decano ou decana.
   b) Cando o soliciten a maioría dos membros da Comisión Permanente.
   c) Cando o soliciten un cuarto dos membros do pleno da Xunta de Facultade.

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748 www.euee.uvigo.es
Fax 986 813 746 sdeueev@uvigo.es

4. As solicitudes referidas nos apartados b) e c) do precedente apartado deberán formularse por escrito dirixido ao decano ou decana, coas sinaturas correspondentes e coa proposta dunha determinada orde do día. O decano ou decana deberá convocar a xunta para unha data fixada nun prazo de dez días hábiles, a contar desde o rexistro de entrada da devandita solicitude.

Artigo 9. *Convocatoria da Xunta de Facultade*

1. A convocatoria da Xunta de Facultade correspóndelle ao decano ou decana.

2. Na convocatoria deberá constar a orde do día, data, hora e lugar da reunión, así como a data da propia convocatoria e a sinatura do decano ou decana ou do secretario ou secretaria por delegación do decano ou decana. A reunión celebrarase necesariamente en día administrativamente hábil, dentro do horario lectivo e nas dependencias da propia facultade. Nas sesións que se celebren a distancia, os membros da xunta poderán encontrarse en distintos lugares, sempre que se asegure por medios electrónicos a identidade dos membros, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

3. Na orde do día figurarán coma puntos a tratar obrigatoriamente, a mención de aprobación da acta da sesión ou sesións anteriores, asuntos de trámite e rogos e preguntas, agás que se trate dunha xunta extraordinaria para debater un só asunto, ou para elección ou revogación do decano ou decana.

4. O decano ou decana deberá incluir na orde do día os puntos solicitados por acordo da reunión anterior mais os que se soliciten por escrito asinado, como mínimo, pola cuarta parte dos membros do pleno e rexistrado cunha antelación de sete días hábiles, polo menos, con respecto á data da convocatoria.

5. A notificación correspondente á convocatoria ordinaria deberase entregar polo menos con setenta e dúas horas de antelación á reunión da xunta. Se fora a convocatoria dunha xunta extraordinaria, deberá notificarse, como mínimo, con vinte e catro horas de antelación.

6. A convocatoria debe ser remitida por vía electrónica aos membros da xunta.

Artigo 10. *Presidencia da Xunta de Facultade*

1. As reunións da Xunta de Facultade estarán presididas polo decano ou decana ou, na súa ausencia, por un dos vicedecanos ou vicedecanas que se designen ao efecto, e estará asistido ou asistida por unha mesa integrada, ademais, por todos os vicedecanos ou vicedecana e mailo secretario ou secretaria.

2. A mesa decidirá, no seu caso, sobre a posible alteración do tratamento dos puntos constitutivos da orde do día, e, se fora o caso, interpretará este Regulamento en casos de dúbida ou omisión.

Artigo 11. *Constitución da Xunta de* Facultade

1. Para a válida constitución da Xunta de Facultade será necesaria a asistencia da metade mais un dos seus membros en primeira convocatoria, e dunha cuarta parte en segunda convocatoria, que será sinalada para unha media hora despois da fixada para a primeira.

2. Chegada a hora fixada para o inicio da xunta e acadado quorum, a secretaria ou secretario comunicará estas circunstancias á decana ou decano ou persoa que a presida, para que declare aberta a sesión. Non acadado quorum, a decana ou decano poderá formular unha nova convocatoria para outro día.

3. Ademais dos membros natos do órgano, ás sesións das Xunta de Facultade poderán asistir todos os membros do centro, garantindo a debida separación entre os membros do órgano e o público non pertencente a el. Tamén poderán asistir, con voz e sen voto, aquelas persoas non pertencentes á xunta nin ao centro, pero que pertenzan a Universidade e sexan convidadas ao efecto, previa aprobación da invitación por maioría simple da xunta.

Artigo 12. *Ordenación dos debates e adopción de acordos*

1. A persoa que presida a xunta dirixirá, ordenará e moderará o desenvolvemento dos debates, outorgando e retirando o uso da palabra e determinando a duración de cada intervención.

2. Todos os membros da Xunta de Facultade teñen dereito ao uso da palabra en relación cos asuntos da orde do día, aínda que, no seu caso, poderán ser chamados á orde pola persoa que a presida e que poderá, se fora necesario dadas as circunstancias e para manter o bo funcionamento da xunta e as normas de

convivencia, retirar o uso da palabra á persoa que estea itervindo, despois de ser advertida por dúas veces ao respecto.

3. Non se permitirá a introdución na sala da reunión nin a utilización de aparato de gravación ou reprodución de son ou imaxe ningún, agás autorización expresa do propio órgano colexiado cando concorran circunstancias excepcionais que fagan aconsellable o emprego dos ditos aparellos.

4. As decisións da Xunta de Facultade tomarán a forma de acordos que se poderán adoptar por asentimento ou por votación por maioría simple dos asistentes. Se así fora solicitado por algún integrante da xunta, a votación non será válida se, no momento en que se producira, non se acadase o quorum da cuarta parte dos membros da xunta.

5. A votación poderá ser a man ergueita ou nominal e secreta. Será necesariamente secreta, mediante papeleta, cando así o solicite calquera dos membros da xunta ou afecte nominalmente a persoas determinadas.

6. Non será admisible a delegación de voto nin o voto anticipado ou por correo.

7. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo asunto ningún que non figure incluido na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do pleno e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

8. No suposto de excesiva duración da sesión da Xunta de Facultade, o decano ou decana disporá a súa interrupción, fixando a data e hora na que deberá continuarse.

Artigo 13. ***Contido das actas da Xunta de Facultade***

1. O secretario ou secretaria da facultade, que o será tamén da xunta, levantará acta das reunións. En caso de ausencia, o decano ou decana designará a persoa que faga a súa función.

2. Na acta se especificarán necesariamente as seguintes mencións:
   a) As persoas asistentes nominalmente designadas e as ausencias xustificadas.
   b) As circunstancias de día, hora e lugar de celebración da reunión.
   c) O carácter ordinario ou extraordinario da reunión.
   d) A orde do día.
   e) Os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

f) O resultado das votacións, facéndose constar o número de votos emitidos, o sentido de cada un deles e as abstencións.
g) Un resumo dos debates coas diferentes posicións, así como a transcripción íntegra das intervencións ou propostas dos membros da xunta, sempre que no mesmo acto ou, no prazo que sinale o decano ou decana, se aporte o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar así na acta ou unindose copia dela.

Artigo 14. *Aprobación das actas da Xunta de Facultade*

1. As actas aprobaranse na reunión seguinte da Xunta de Facultade de carácter ordinario, coas modificacións que, no seu caso, sexan propostas polos membros da mesma e aprobadas por maioría por reflectir máis axeitadamente o desenvolvemento da reunión.

2. Unha vez aprobadas as actas das sesións serán autorizadas polo secretario ou secretaria da Facultade, co visto e prace do decano ou decana.

CAPÍTULO SEGUNDO
DA XUNTA DE TITULACIÓN

Artigo 15. *Natureza, composición e funcións*

Consonte ao Artigo 39 dos Estatutos da Universidade de Vigo, as función e composición das xuntas de titulación son as seguintes:

1. As xuntas de centro e, nos casos que se concreten pola normativa interna da Universidade, as xuntas de titulación, son os órganos encargados de elaborar as propostas de memorias para titulacións de grao e as súas modificacións.

2. A xuntas de titulación terán unha composición análoga en proporción ás xuntas de centro, agás en titulacións novas, que observarán o que regulamentariamente se determine.

Universidade Vigo

Facultade de Comercio
Campus de Vigo
Torrecedeira, 105
36208 Vigo

Tel. 986 813 748 www.euee.uvigo.es
Fax 986 813 746 sdeueev@uvigo.es

CAPÍTULO TERCEIRO
DA COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 16. *Natureza, composición, nomeamento e cese dos seus membros*

1. A Comisión Permanente é o órgano ordinario de goberno e administración da facultade. Estará composta por:
   a) O decano ou decana, os vicedecanos ou vicedecanas e o secretario ou secretaria da facultade.
   b) Un membro do profesorado por cada departamento con docencia no Grao en Comercio, membro da Xunta de Facultade, e elexido pola mesma xunta.
   c) Por cada un dos sectores de alumnado e de persoal de administración e servizos, un número de integrantes que se completará de xeito que se respecten as procentaxes de representación de ámbolos dous colectivos que rexan para a Xunta de Facultade.

2. Os membros da Comisión Permanente cesarán nos seguintes casos: a petición propia, no momento no que perdan a súa condición de membros da Xunta de Facultade ou cesen no cargo académico que concede esta condición, e cando se produza a elección dun novo decano ou decana. Nos casos de baixa, procederase á elección dentro do sector correspondente no máis breve prazo posible.

Artigo 17. *Funcións da Comisión Permanente*

1. Son funcións da Comisión Permanente:
   a) Estudar, asesorar e propoñer solucións en todos aqueles asuntos que a Xunta de Facultade, as outras comisións delegadas da Xunta de Facultade que existiran ou decano ou decana, sometan a súa consideración, así como resolver ou dar curso aos asuntos de trámite.
   b) Todas aquelas que de acordo co previsto neste Regulamento, lle foran delegadas pola Xunta de Facultade.
   c) Aquelas funcións que os Estatutos da Universidade de Vigo e o presente Regulamento non atribúan expresamente á Xunta de Facultade, ao decano ou decana ou, no seu caso, ás Xuntas de Titulación.

2. As resolucións da Comisión Permanente adoptadas por delegación, expresarán esta circunstancia e considéranse dictadas pola Xunta de Facultade.

Artigo 18. *Funcionamento*

1. A Comisión Permanente reunirase cando sexa convocada nos mesmos termos previstos para a convocatoria do pleno. En todo caso, terá que se reunir en sesión ordinaria, polo menos, unha vez cada dous meses.

2. A Comisión Permanente rexerase polas mesmas normas de funcionamento que o pleno da Xunta de Facultade.

3. Das reunións da Comisión Permanente levantarase acta pola secretaria ou secretario da facultade, nos mesmos termos previstos neste Regulamento para as actas do pleno da Xunta de Facultade.

4. O decano ou decana informará ao pleno, na primeira sesión que este celebre con posterioridade á última celebrada pola Comisión Permanente, de todas as actuacións da comisión, agás as decisións adoptadas en asuntos de trámite, das que informará o secretario ou secretaria.

CAPÍTULO CUARTO
DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE

Artigo 19. *Natureza e funcións, composición, nomeamento e cese dos seus membros*

1. A Comisión de Garantía de Calidade ten coma finalidade avaliar e mellorar a calidade de todas as actividades desenvolvidas na ámbito de faculatde.

2. Son as súas funcións:
   a) Implementar, desenvolver e aplicar os principios, normas e parámetros do Sistema de Garantía de Calidade que rexa na facultade, co fin de acadar os obxectivos de calidade fixados nel e cumplindo os requisitos contemplados nas normativas de verificación e certificación que correspondan.
   b) Realizar o seguimento da eficacia dos procedementos a través dos indicadores asociados a estes.
   c) Promover a execución das accións correctivas ou preventivas, as actuacións derivadas da revisión do sistema e as accións de resposta ás suxestións, queixas e reclamacións.

3. A Comisión de Calidade está formada por:
   a) O decano ou decana da facultade ou, se non estivera presente, o coordinador ou coordinadora de Calidade.
   b) Cinco membros do PDI membros da Xunta de Facultade e elixidos por esta.
   c) Unha persoa en representación do alumnado.
   d) Un membro do persoal de administración e servizos.

4. O cese dos membros da Comisión de Calidade producirase nos mesmos casos previstos para o cese dos membros da Comisión Permanente.

5. A Comisión de Calidade reunirase por convocatoria do decano ou decana da facultade. Polo menos deberá celebrarse unha reunión cada curso académico.

CAPÍTULO QUINTO
DOUTRAS COMISIÓNS

Artigo 20. *Creación, clases e funcións*

1. Para o exercicio das súas funcións, tanto a Xunta de Facultade como a Comisión Permanente poderán crear comisións informativas ou de traballo.

2. No acordo de creación das devanditas comisións deberán figurar, entre outros, os seguintes aspectos: composición, funcións e carácter temporal ou permanente da comisión.

TÍTULO 2
DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DA FACULTADE
CAPÍTULO PRIMEIRO
DO DECANO OU DECANA DA FACULTADE E DOS VICEDECANOS OU VICEDECANAS

Artigo 21. *Carácter, nomeamento e cese*

1. O decano ou decana ostenta a representación do centro e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria da facultade, ademais de presidir e coordinar a actuación dos seus órganos colexiados e executar os acordos destes, consonte a normativa vixente.

2. O decano ou decanaa será elixido u elixida pola Xunta de Facultade, entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade, adscrito ao centro, por un período de tres anos e podendo ser reelixido ou reelixida.

3. O decano ou decana cesará nas súas funcións a remate do seu mandato, a pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada pola Xunta de Facultade.

Artigo 22. ***Funcións do decano ou decana***

O decano ou decana, asistido polo seu equipo de goberno, é responsable da dirección e xestión do centro e desenvolverá as seguintes funcións:

a) Exercer a representación da facultade.
b) Convocar a Xunta de Facultade, a Comisión Permanente e, no seu caso, as xuntas de titulación e daquelas comisións que se tiveran constituido.
c) Executar os acordos dos órganos colexiados da facultade.
d) Supervisar o funcionamento dos servizos da facultade.
e) Dirixir a xestión ordinaria do centro.
f) Propor, oída a Xunta de Facultade, a apertura de informe previo por parte do reitor ou reitora, a calquera membro do centro.
g) Coidar do cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
h) Todas aquelas que lle atribúan a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Vigo.

Artigo 23. ***Dos vicedecanos e vicedecanas***

1. O decano ou decanaa designará, de entre todos os membros do centro, os vicedecanos ou vicedecanas, que serán nomeados polo reitor ou reitora.

2. Os vicedecanos ou vicedecanas actuarán coas competencias e funcións que lles asigne o decano ou decana que, asimesmo, determinará a orde de substitución no caso de que existan varios vicedecanos ou vicedecanas.

3. Os vicedecanos ou vicedecanas cesarán no seu cargo a petición propia ou por decisión do reitor ou reitora a proposta do decano ou decana.

CAPÍTULO SEGUNDO
DO SECRETARIO OU SECRETARIA

Artigo 24. *Nomeamento, función e cese do secetario ou secretaria*

1. O secretario ou secretaria da facultade será designado ou designada polo decano ou decana de entre o persoal do centro, e será nomeado ou nomeada polo reitor ou reitora.

2. O secretario ou secretaria dará fe dos acordos adoptados polos órganos de goberno da facultade, e como tal ten encomendada a custodia das súas actas. Tamén asumirá a recepción, a compilación, o depósito, a custodia e a certificación das actas de cualificación das materias.

3. O secretario ou secretaria cesará no seu cargo a petición propia ou por decisión do reitor ou reitora a proposta do decano ou decana.

CAPÍTULO TERCEIRO
DA ELECCIÓN DO DECANO OU DECANA

Artigo 25. *Apertura do período electoral*

1. Concluido o mandato do decano ou decana por algún dos distintos motivos que poden dar lugar ao seu cesamento, abrirase un proceso electoral para o cal o reitor confirmará ao decano ou decana en funcións ata que se produza o nomeamento do que resulte elixido e autorizará ao decano ou decana en funcións para que convoque eleccións cunha antelación mínima de quince días á data da celebración da votación.

2. A convocatoria de eleccións farase pública no taboleiro electoral do centro, previa autorización do decano ou decana en funcións. Tamén será notificada por correo electrónico aos membros da Xunta de Facultade.

3. A Xunta Electoral da facultade encargarase de facer a proclamación de candidatos e resolverá todas as cuestións que se deriven do proceso electoral.

4. A Xunta Electoral, cuxa sede deberá estar no centro, estará composta por:
   a) O decano ou decana, que a preside.

b) O secretario ou secretaria da facultade, que actuará coma secretario ou secretaria da Xunta Electoral.
c) Tres representantes, un por cada sector, do alumnado, PAS e PDI, que se designarán mediante sorteo público xunto aos seus suplentes.

5. No caso de que o decano ou decana en funcións sexa candidato ou candidata, cesará na súa condición de presidente ou presidenta da Xunta Electoral substituíndose polo membro do profesorado con máis antigüidade segundo a prelación de corpos.

6. As persoas elixibles acadarán a condición de candidatos ou candidatas rexistrando a correspondente solicitude na que, ademais dos seus dados persoais, indicarán os nomes das persoas que ocuparían os cargos de vicedecano ou vicedecana e secretario ou secretaria de saíren elixidos.

7. As solicitudes dos candidatos ou candidatas dirixiranse á persoa que presida a Xunta Electoral e deberán presentarse no prazo que figure na convocatoria, que nunca será inferior a tres días hábiles.

8. No día seguinte á finalización do prazo, a Xunta Electoral publicará a lista provisoria de candidatos ou candidatas contra a que se poderán presentar reclamacións no prazo de dous días hábiles e que serán resoltas no día seguinte coa publicación da relación definitiva de candidatos.

Artigo 26. *Elección do decano ou decana pola Xunta de Facultade*

1. Terminado o prazo da campaña electoral, o decano ou decana en funcións convocará unha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade na data sinalada na convocatoria de eleccións, tendo como único punto da orde do día a elección do decano ou decana.

2. A Xunta de Facultade estará presidida polo decano ou decana en funcións, agás que sexa candidato ou candidata, presidindo neste caso o membro do profesorado de maior antigüidade, segundo a prelación de corpos.

3. O presidente outorgará un tempo máximo de quince minutos a cada un dos candidatos ou candidatas para que expoñan o seu programa e, deseguido, noutro tempo máximo de quince minutos para cada candidato ou candidata, poderá responder cada un deles ás preguntas que lles formulen os membros do pleno.

4. Terminadas as intervencións dos candidatos ou candidatas procederase á votación, que será nominal e secreta.

5. Concluída a votación, procederase ao escrutinio no mesmo acto, e será proclamado decano electo ou decana electa a persoa que obteña a maioría absoluta dos votos dos membros asistentes.

6. Se ningún dos candidatos ou candidatas obtivera a maioría absoluta, farase no mesmo acto unha segunda e definitiva votación na que se proclamará decano electo ou decana electa aquela persoa que obteña maior número de votos favorables. No suposto de que nesta segunda votación resultasen empatados dous candidatos ou candidatas, será elixida a persoa máis antiga segundo prelación de corpos e antigüidade.

7. Se houbese un único candidato ou candidata, para ser elixido decano ou decana terá que acadar maior número de votos a favor que en contra.

Artigo 27. *Nomeamento do decano ou decana polo reitor ou reitora*

1. Terminada a votación e o escrutinio, o secretario ou secretaria levantará a correspondente acta, na que se recollerán todas as incidencias e o resultado do escrutinio.

2. O resultado da votación será elevado ao reitor ou reitora polo presidente ou presidenta da sesión para que se dicte a correspondente resolución de nomeamento do decano ou decana.

CAPÍTULO CUARTO
DA MOCIÓN DE CENSURA

Artigo 28. *Presentación da moción de censura*

1. A moción de censura para a destitución do decano ou decana deberá ser interesada por escrito presentado na Secretaría da Facultade asinado, polo menos, por un terzo dos membros da Xunta de Facultade, e deberá conter o nome dun candidato ou candidata alternativa ao decano ou decanaa, así como a determinación das persoas que formaría parte do seu equipo de goberno.

2. Cumpridos os requisitos anteditos, o decano ou decana deberá convocar unha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade dentro dos quince días seguintes

hábiles á recepción da moción na Secretaría da Facultade, tendo coma único punto da orde do día o debate e votación da moción de censura.

Artigo 29. *Debate e votación da moción de censura*

1. Na reunión da Xunta de Facultade adicada á moción de censura darase a palabra durante un máximo de trinta minutos ao candidato ou candidata alternativa, que poderá responder ás preguntas e observacións que se lle formulen. Deseguido procederase de igual forma co decano ou decana e, tras a súa intervención e a correspondente discusión, procederase á votación, que será nominal e secreta.

2. A moción de censura será aprobada se obtén os votos da maioría absoluta dos membros presentes. Neste caso o decano ou decana comunicará este resultado ao reitor ou reitora ao seguinte día hábil para que se proceda ao nomeamento do novo decano ou decana.

3. O decano ou decana censurado seguirá en funcións ata a toma de de posesión do novo decano ou decana.

4. Se a moción de censura é rexeitada por non obter a maioría absoluta, ningún dos seus asinantes poderá presentar outra durante o resto do mandato do decano ou decana.

TÍTULO 3
DAS ACTIVIDADES DO ESTUDANTADO PARA A MELLORA DA FORMACIÓN

Artigo 30. *Das actividades do estudantado para a mellora da formación*

1. A Xunta de Facultade facilitará ao estudantado, na medida das súas posibilidades, as instalacións, os medios materiais e económicos necesarios para o desenvolvemento das actividades extraordinarias que poidan contribuir a súa formación.

2. A tal fin, a Xunta de Facultade, sempre na medida das súas posibilidades, porá a disposición da delegación de alumnado os medios necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

Artigo 31. *Da delegación de alumnado*

1. A delegación de alumnado terá autonomía para:
   a) Elaborar o seu orzamento e xestionar os seus recursos de acordo coa partida orzamentaria correspondente.
   b) Elaborar as súas normas de organización interna.
   c) Elixir os seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, coordinándose coas comisións compententes da Xunta de Facultade.
   d) Crear todas as seccións de actividades que consideren precisas para lograr os seus fins.
   e) Solicitar e recibir outros fondos de financiamento doutras instancias da universidade e tamén de institucións externas á mesma, tanto privadas como públicas.

2. O estado inicial e final do presuposto da delegación de alumnado e a súa evolución temporal estará a disposición da Xunta de Facultade sempre que ésta o requira. Ademais deberá presentar a memoria dos gastos do exercicio anterior na Xunta de Facultade.

TÍTULO 4
DA REFORMA DESTE REGULAMENTO

Artigo 32. *A iniciativa para a reforma do Regulamento*

1. A iniciativa para a reforma do regulamento poderá ser adoptada polo decano ou decana ou formulada mediante proposta asinada por un mínimo dun tercio dos membros da Xunta de Facultade. A dita iniciativa deberá conter o texto articulado que se pretenda introducir e a motivación en que se fundamente.

2. A proposta será sometida a unha votación para a súa toma en consideración polo pleno da Xunta de Facultade Se a proposta recibe os votos favorables do 40% dos membros da xunta, abrirase un prazo de quince días hábiles para a presentación de enmendas que serán discutidas e votadas nunha comisión específica designada pola Xunta de Facultade e coa mesma representación que teñen os distintos sectores no pleno da xunta.

Torrecedeira, 105
36208 Vigo
Tel. 986 813 748 www.euee.uvigo.es
Fax 986 813 746 sdeueev@uvigo.es

Artigo 33. *A aprobación da reforma do Regulamento*

1. Unha vez aprobado o texto pola correspondente comisión, será elevado ao pleno da Xunta de Facultade. Para que a reforma proposta sexa aprobada, deberá recibir o voto favorable da maioría absoluta do pleno da Xunta de Facultade. De non ser así, a proposta de reforma considerarase refugada, e non se poderá propor unha reforma idéntica ata transcorrido un prazo de dous anos.

2. Se a proposta de reforma é aprobada, elevarase á Xunta de Goberno da Universidade, que decidirá sobre a reforma do Regulamento de modo definitivo.

Disposición derradeira

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.